

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

ORDE do 27 de marzo de 2023 pola que se actualiza o Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece, no número 1 do seu artigo 10, os catálogos de estradas como os instrumentos públicos que serven para identificar, inventariar, clasificar e, se for o caso, categorizar funcionalmente as estradas das redes de cada Administración titular.

Pola súa parte, o número 7 do artigo 10 da antedita Lei 8/2013 indica que terán a consideración de actualización dos catálogos de estradas o cambio de titularidade de travesías urbanas ou treitos delas que estivesen incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, cando poida ser aprobado pola consellaría competente en materia de estradas; a variación de trazado en estradas existentes; a variación dos datos que identifican as estradas contidas neles; o cambio de categoría funcional dunha estrada, cando se tramitase un expediente ao respecto, e o resto de supostos previstos regulamentariamente.

A ese respecto, o Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, indica, no seu artigo 23, que tamén terá a consideración de actualización dos catálogos de estradas o cambio de clase de estradas, cando se tramitase un expediente ao respecto.

Finalmente, o número 3 do artigo 10 da antedita Lei 8/2013 establece que a actualización do Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia se realizará mediante orde da consellaría competente en materia de estradas.

Por outra parte, o Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia foi aprobado polo Decreto 100/2021, do 24 de xuño, que foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 129, do 8 de xullo.

A ese respecto, identificouse que variaron certos datos dalgunha das estradas contidas no antedito Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia, polo que procede a súa actualización.

CVE-DOG: fuacz0b0-vo78-ccf6-fxc4-o52sclpz3dk7



Por todo o exposto e facendo uso das facultades que me confire o número 3 do artigo 10 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Actualización do Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia*

Actualízase o Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia como consecuencia:

- a) Da variación dos datos que identifican a estrada AC-130 Mugardos-Ares.
- b) Da variación dos datos que identifican a estrada AC-421 A Agualada (AC-552)-Buño (AC-422).
- c) Da variación dos datos que identifican a estrada AC-423 Agrilloi (AC-552)-Ponteceso (AC-422).
- d) Da variación dos datos que identifican a estrada AC-432 Vimianzo (AC-552)-Camarías.
- e) Da variación dos datos que identifican a estrada AC-526 Veigue (VG-1.3)-porto de Lorbé.
- f) Da variación dos datos que identifican a estrada AC-563 Vilar do Colo (polígono industrial)-Fonfría (AC-564).
- g) Da variación dos datos que identifican a estrada CG-2.2 Nadela (A-6)-Monforte de Lemos (VG-2.1), pola conversión en autovía dun treito intermedio como AG-22.
- h) Da variación dos datos que identifican a estrada LU-123 Mondoñedo-Mondoñedo.
- i) Da variación dos datos que identifican a estrada LU-546 Nadela (N-VI)-Monforte de Lemos (LU-664).
- j) Da variación dos datos que identifican a estrada LU-636 Sarria (LU-546)-Becerreá (N-VI).
- k) Da variación dos datos que identifican a estrada LU-643 Bóveda (LU-546)-Laiosa (LU-644).



l) Da variación dos datos que identifican a estrada LU-653 Estación FF.CC. da Pobra do Brollón (LU-933)-Hospital do Incio (LU-642).

m) Da variación dos datos que identifican a estrada OU-129 Alto do Covelo (OU-533)-A Veiga (Deputación).

n) Da variación dos datos que identifican a estrada PO-300 O Mosteiro-Cambados (VG-4.3), pola obra Variante de Ponte Arnelas, onde queda segregada unha parte da PO-300, que agora, a modo de ramal de conexión, recodifícase como PO-300a.

o) Da variación dos datos que identifican a estrada PO-364 Portonovo (PO-308)-Portonovo.

p) Da variación dos datos que identifican a estrada PO-403 Salvaterra-Ponteareas (N-120).

q) Da variación dos datos que identifican a estrada PO-550 Cambados (VG-4.3)-A Lanzada (PO-308).

r) Da variación dos datos que identifican a estrada VG-1.8 polígono industrial do Tam-bre-Ponte Romáño (Deputación) que, tras o cambio da súa clase técnica de vía para automóviles a estrada convencional, agora pasará a ser a estrada AC-456.

Procede, polo tanto, actualizar o Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia rectificando os datos das citadas estradas do modo indicado no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

CVE-DOG: fuacz0b0-vo78-ccf6-fxc4-o52sclpz3dk7





ANEXO

**Rexistros do Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia
que son obxecto de actualización**

Clave	Denominación	Treito	PQ ⁱ	PQ ^f	Lonxitude treito (km)	Lonxitude total (km)	Categoría funcional	Clase de estrada	Provincia
AC-130	Mugardos-Ares	Mugardos-Ares	0+600	4+240	3,64	3,64	Local	Estrada convencional	A Coruña
AC-421	A Agualada (AC-552)-Buño (AC-422)	A Agualada (AC-552)-Buño (AC-422)	0+000	14+490	14,49	14,49	Local	Estrada convencional	A Coruña
AC-423	Agrilloi (AC-552)-Ponteceso (AC-419)	Agrilloi (AC-552)-Ponteceso (AC-419)	0+000	14+320	14,32	14,32	Local	Estrada convencional	A Coruña
AC-432	Vimianzo (AC-552)-Camarifñas (zona de servizo portuaria)	Vimianzo (AC-552)-Camarifñas	0+000	17+600	17,60	18,22	Complementaria	Estrada convencional	A Coruña
AC-432	Vimianzo (AC-552)-Camarifñas (zona de servizo portuaria)	Camarifñas-Camarifñas (zona de servizo portuaria)	17+600	18+220	0,62	18,22	Local	Estrada convencional	A Coruña
AC-526	Veigue (VG-1.3)-porto de Lorbé (zona de servizo portuaria)	Veigue (VG-1.3)-porto de Lorbé (zona de servizo portuaria)	0+000	1+200	1,20	1,20	Local	Estrada convencional	A Coruña
AC-563	Polígono industrial de Vilar do Colo (N-651)- Fonfría (AC-564)	Polígono industrial de Vilar do Colo (N-651)-Fonfría (AC-564)	0+000	4+080	4,08	4,08	Complementaria	Estrada convencional	A Coruña
CG-2.2	Lugo (A-6)-Monforte de Lemos (VG-2.1)	Lugo (A-6)-Enlace A Pobra de San Xiao (AG-22)	0+000	13+500	13,50	44,99	Estruturante	Vía para automóbiles	Lugo
AG-22	Lugo (A-6)-Sarria (CG-2.2)	Enlace A Pobra de San Xiao (CG-2.2)- Sarria (CG-2.2)	13+500	23+200	9,70	9,70	Estruturante	Autovía	Lugo
CG-2.2	Lugo (A-6)-Monforte de Lemos (VG-2.1)	Sarria (AG-22)-Monforte de Lemos (VG-2.1)	23+200	54+690	31,49	44,99	Estruturante	Vía para automóbiles	Lugo
LU-123	Mondoñedo-Mondoñedo (LU-160)	Mondoñedo-Mondoñedo (LU-160)	0+000	0+250	0,25	0,25	Local	Estrada convencional	Lugo
LU-546	Nadela (N-VI)-Monforte de Lemos (LU-664)	Nadela (N-VI)-Monforte de Lemos (LU-664)	0+000	55+560	55,56	55,56	Local	Estrada convencional	Lugo
LU-636	Sarria (LU-633)-Becerreá (N-VI)	Sarria (LU-633)-San Xulián da Veiga (LU-536)	0+830	4+230	3,40	30,64	Local	Estrada convencional	Lugo
LU-636	Sarria (LU-633)-Becerreá (N-VI)	San Xulián da Veiga (LU-536)- Becerreá (N-VI)	4+230	31+470	27,24	30,64	Complementaria	Estrada convencional	Lugo
LU-643	Bóveda (LU-652)-Laiosa (LU-644)	Bóveda (LU-652)-Laiosa (LU-644)	0+000	4+860	4,86	4,86	Local	Estrada convencional	Lugo



Clave	Denominación	Treito	PQ ⁱ	PQ ^f	Lonxitude treito (km)	Lonxitude total (km)	Categoría funcional	Clase de estrada	Provincia
LU-653	Estación FF.CC. da Pobra do Brollón-Hospital do Incio (LU-642)	Estación FF.CC. da Pobra do Brollón-Hospital do Incio (LU-642)	0+000	18+590	18,59	18,59	Local	Estrada convencional	Lugo
OU-129	Alto de Covelo (OU-533)-A Veiga (Deputación)	Alto de Covelo (OU-533)-A Veiga (Deputación)	0+000	11+520	11,52	11,52	Local	Estrada convencional	Ourense
PO-300	O Mosteiro (Zacande)-Cambados (VG-4.3)	O Mosteiro (Zacande)-Variante de Ponte Arnelas	2+680	6+320	3,64	8,26	Local	Estrada convencional	Pontevedra
PO-300	O Mosteiro (Zacande)-Cambados (VG-4.3)	Variante de Ponte Arnelas-Cambados (VG-4.3)	7+100	11+720	4,62	8,26	Local	Estrada convencional	Pontevedra
PO-300a	Ponte Arnelas (PO-301)-Variante de Ponte Arnelas (PO-300)	Ponte Arnelas (PO-301)-Variante de Ponte Arnelas (PO-300)	6+790	7+100	0,31	0,31	Local	Estrada convencional	Pontevedra
PO-364	Portonovo (PO-308)-Portonovo (zona de servizo portuaria)	Portonovo (PO-308)-Portonovo (zona de servizo portuaria)	0+000	0+300	0,30	0,30	Local	Estrada convencional	Pontevedra
PO-403	Salvaterra de Miño-Ponteareas (N-120)	Salvaterra de Miño-Ponteareas (N-120)	0+000	11+260	11,26	11,26	Local	Estrada convencional	Pontevedra
PO-550	Cambados (VG-4.3)-A Lanzada (PO-308)	Cambados (VG-4.3)-Cambados (zona de servizo portuaria)	0+000	1+210	1,21	14,05	Local	Estrada convencional	Pontevedra
PO-550	Cambados (VG-4.3)-A Lanzada (PO-308)	Cambados (zona de servizo portuaria)-A Lanzada (PO-308)	1+660	14+500	12,84	14,05	Local	Estrada convencional	Pontevedra
AC-456	Polígono industrial do Tambre-Ponte Romaño (Deputación)	Polígono industrial do Tambre-Ponte Romaño (Deputación)	0+000	1+570	1,57	1,57	Complementaria	Estrada convencional	A Coruña